

" O treito entre a teoría e a praxe"

Reflexións a raíz da lectura do artigo: "El asesoramiento psicopedagógico como construcción de significados compartidos: un estudio sobre su dificultad".

A semana pasada abordábase na aula a complexidade que supón trasladar á práctica os principios teóricos que como asesores defendemos, especialmente pola dificultade que entraña participar de xeito colaborativo en contextos, como o educativo, onde o espírito de diálogo e cooperación conxunta non sempre están, suficientemente afianzados.

A lectura deste artigo axudoume a comprender mellor ese "treito" existente entre a realidade e o desexo, evidenciado a través deste estudo sobre o análise dunha experiencia de asesoramiento levada a cabo na práctica coa finalidade de axudar a resolver problemas de comprensión lectora nun aula , e no que participaron quince mestras dun centro de Educación Infantil e Primaria (a maioría titoras de Primaria) e os tres autores do artigo: o primeiro adoptou o papel de observador e os outros dous de asesores.

Nel relátanse , polo miúdo, as dificultades de comunicación, entendemento e de detección e resolución de problemas que xorden durante o transcurso das sesións mantidas entre asesores e mestres, plasmando a enorme complexidade que implica ,na práctica, a tarefa de colaboración conxunta e simétrica, tan esencial na función asesora, e mermada neste caso pola dificultade que supuña alcanzar unha definición compartida dos problemas existentes como punto de partida para colaborar conxuntamente na súa solución.

Distínguese así tres fases diferenciadas no tratamento dos asesores cas mestras: definición do problema, búsqueda e incorporación de solucións, e avaliación, e nas cales se relatan polo miúdo os avatares do proceso e as dificultades e propostas desenvoltas para procurar solucións colaborativas.

Como conclusión do análise da experiencia, evidénciase no estudo que ós asesores lles custou moito actuar de acordo cos seus propósitos iniciais, xa que asumiron unha

gran redefinición de significados dos problemas existentes e non sempre fixeron públicos ás mestras o razoamento seguido.

Así, como se recolle nel : "*estos resultados permiten especular sobre cómo compartir significados de un modo eficaz, pero, más importante aun, revelan las dificultades inherentes al intento de transformar los principios teóricos en actuaciones educativas...*"

Como se expuxo na aula, entre a teoría e a praxe hai un enorme treito, tamén evidenciado ó longo do análise da experiencia, o cal apela sobre a importancia de deterse a estudar e analizar as repercusión das nosas actuacións asesoras no complexo entramado educativo, en lugar de limitarnos a actuar , obviando os puntos de partida así como a distancia existente entre a visión das problemáticas observada dende a nosa perspectiva , ou dende a óptica dos executores máis directos da acción: os mestres.

Quizais fose a falta de sensibilidade dos asesores a hora de percibir ás necesidades iniciais dos mestres, ou debido á óptica ou modelo, non sempre colaborativo e simétrico, dende o que estes optaron por atallar os problemas de comprensión lectora, algúns dos desencadeantes, ó meu ver, de que as premisas iniciais dos asesores se foran truncando a hora de trasladalas á práctica, debido a esa carencia inicial de diálogo e de creación de significados compartidos que dotaran dun sentido unívoco ás súas actuacións futuras.

Polo tanto, os resultados finais do análise desta experiencia de asesoramento, denotan, ó meu ver, un dos principais problemas ós que se enfrenta o asesor na actualidade: a reticencia á colaboración por parte dos docentes en procesos de diálogo e participación conxunta, así como a entender eles mesmos, que o seu rol non debe ser o dun "experto", senón que deben actuar como unha figura de apoio e axuda indirecta nos procesos de ensino e aprendizaxe dos centros, cedéndolle o papel de cambio ós mestres, posto que eles son os que , coa súa práctica nas aulas, poden executar realmente transformacións no seu quefacer diario cos verdadeiros protagonistas: o alumnado.

Destaco, e como moralexa final sobre esta experiencia, a vital importancia de traballar conxuntamente a través do diálogo, o consenso e a colaboración compartida entre os axentes que interveñen nos procesos de cambio, como piares esenciais para que as propostas educativas que emprendamos como asesores/as non "queden en terra" (en meros plantexamentos teóricos) senón que "cheguen a bo porto" (se logre trasladar eses plantexamentos á praxe).

A modo de reflexión, remato con esta frase que me pareceu moi ilustrativa para entender o verdadeiro espírito co que o asesor debe encamiñar a súa praxe :

"asesorar es, en su sentido fundamental, renunciar a la demanda de pericia técnica y participar activamente en sintonizar y compartir el mismo presente a través de una relación auténtica vivida en términos de nosotros". (Favaro, 1983: 49).

Webgrafía:http://campus.usal.es/~aiape/docs/asesoramiento_psicopedagogico.pdf
(19/03/2010).